



Confederación Intersindical Galega

www.cig-ensino.com

INFORMA

maio 2009

Despois das mobilizacións propostas e levadas a cabo conseguimos que a Consellaría deixe sen aplicación a circular sobre agrupamentos

Acordo acadado coa Consellaría na Mesa Sectorial de 29 de maio de 2009:

1. As instrucións de 14 de maio da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos é un documento interno de traballo coa finalidade de recompilar datos e sen pretensión de aplicación para a determinación de unidades.
2. Na Mesa Sectorial Docente non Universitaria negociáronse os criterios a aplicar nos supostos de posibles agrupamentos de alumnos de Educación Infantil e Primaria de distinto nivel e mesmo ciclo, e excepcionalmente de diferente ciclo. Estes criterios serán os que se apliquen na determinación de unidades dos centros de Infantil e Primaria, sen prexuízo de negociacións específicas nas Xuntas de Persoal.
3. As negociacións destes criterios iniciáronse o vindeiro 9 de xuño.

Desde o momento en que a CIG-Ensi- no tivo coñecemento da existencia desta circular pediu por escrito a súa retirada e iniciou unha campaña de información aos centros, trasladándolles ademais a proposta de remitir un escrito á Dirección Xeral reclamando a retirada da circular, proposta a que os centros responderon inmediatamente, elemento que foi crucial na resolución do conflito, motivo polo que lle queremos trasladar o noso agradecemento ao profesorado.

Posteriormente, todas as organizacións sindicais con presenza na Mesa Sectorial acordamos manter unha posición conxunta de cara á Mesa Sectorial de 26 de maio, esixindo a comparecencia do Director Xeral de Centros e Recursos Humanos para reclamarlle a retirada inmediata da circular e anunciando que abandonaríamos a Mesa se non aceptaban reconsiderar a súa postura. Finalmente, tivemos que abandonar a Mesa e acordamos convocar unha concentración de delegados sindicais o día 3 de xuño, enviarlle un escrito ao Conselleiro de Educación e emitir posicionamentos das Xuntas de Persoal (neste momento xa os emitiron Pontevedra e Ourense).

O día 29 de maio convocouse novamente Mesa Sectorial, sen que a Consellaría incluíse na orde do día un punto sobre

a circular de agrupamentos. **Novamente a CIG-Ensi- no e todas as organizacións sindicais demandamos a retirada da circular, especificamente que non se aplicase, e presentamos un texto para un posible acordo consensuado previamente entre todas as organizacións. O que en principio parecía estar moi claro levou o seu tempo pois a Consellaría tentou dividir ás organizacións sindicais, e amosou, nalgunha intervención, a súa intención inicial de aplicar os criterios recollidos na circular. A CIG mantívose firme na proposta cinsensada coas organizacións sindicais. Finalmente, despois de pedir un recesso, en que as organizacións sindicais concretamos novamente a nosa unanimidade en pedir que a circular non fose de aplicación, conseguimos chegar a un acordo que recolle que a circular non se aplicará e que o 9 de xuño se iniciarán as negociacións de criterios a aplicar no suposto de posibles agrupamentos.**

As mobilizacións realizadas e anunciadas foron determinantes para conseguir chegar a acordo para que esta circular non teña efecto, o que, na práctica, vén ser a súa retirada. En palabras da Consellaría "A circular queda como documento de traballo para a recollida de datos", mais non será de aplicación para a determinación de unidades e agrupamentos.

A CIG-Ensi- no valora moi positivamente que as mobilizacións iniciadas desde o momento en que coñecemos a circular teñan acadado o seu obxectivo e a rápida reacción de apoio do profesorado, enviando os posicionamentos que reclamaban a retirada da circular, cuestión que foi esencial para a saída do conflito. Tamén valoramos positivamente que as organizacións sindicais se mantivesen nunha posición conxunta neste transcendental conflito,

Na negociación que se iniciará o vindeiro día 9, a CIG-Ensi- no demandará a mellora dos criterios que se viñan aplicando desde 2003 (que fixaban que se poderían realizar agrupamentos até un máximo de 16 alumnos), . A CIG defenderá que hai que ter en conta a opinión dos centros baseado en criterios pedagóxicos e non economicistas, que non rebaixen a calidade do ensino, que teñan en conta o alumnado repetidor, as necesidades educativas especiais, a dispersión xeográfica, as necesidades de apoio e reforzo educativo. Os agrupamentos sempre se deben entender como unha excepcionalidade, tendo en conta os anteriores criterios.,

Nesta nova situación, a concentración anunciada para o día 3 de xuño, queda suspendida.